



EN **GALIZA**
HAI **ALTERNATIVA**

Xosé Manuel
Fdez. Abrales

EN **BARRO** HAI **FUTURO**

Programa de Goberno
Municipais 2011

Barro para vivir

Prezado amigo, prezada amiga:

Permíteme que me dirixa a ti con motivo das vindeiras eleccións municipais do 22 de maio, nas que o noso concello se xoga en boa medida o seu futuro.

O 22 teremos que elixir entre dous modelos diametralmente opostos de abordar a política municipal. Un, o do PP, coñecido por todos e todas nós, xa que leva case trinta anos na alcaldía, e o outro o do BNG.

Caracterizar ao modelo do PP non é difícil. Amiguismo, improvisación, ineficacia, falta de proxecto e unha actitude hostil para todo aquel, veciño ou administración, que non sexa partícipe das súas ideas. Esa ineficacia trouxo graves consecuencias para o desenvolvemento do concello.

O BNG, pola contra, caracterízase por ter un proxecto claro e definido orientado ao desenvolvemento socioeconómico e á mellora da calidade de vida dos homes e mulleres do noso concello. Un proxecto que busca e alenta a participación social na vida municipal, un proxecto firme baseado no diálogo, na colaboración e na implicación dos veciños e veciñas.

Durante estes catro anos o BNG demostrou unha forma de facer política seria e responsábel, informando en todo momento sobre os temas que afectaban ao noso concello, presentando iniciativas para mellorar o noso medio ambiente, as nosas infraestruturas e os servizos que se prestan. Un traballo que foi sempre acompañado con moito diálogo, escoitando as opinións e as aportacións de todos os veciños e veciñas.

Para medrar é necesario un cambio de rumbo, unha nova forma de gobernar, máis participativa, máis eficaz, máis democrática. Barro precisa un goberno serio, responsábel que conte cos veciños e veciñas e traballe para a mellora a súa calidade de vida.

No BNG creemos firmemente nas potencialidades -nunca ben aproveitadas- do noso concello. Sabemos que, se traballamos con decisión na dirección adecuada, poderemos conseguir que Barro medre, demográfica, cultural, social e economicamente.

Para logralo é importante que todos os homes e mulleres de Barro nos involucremos, participemos e opinemos. É necesario que o Concello teña as portas abertas a todos os veciños e veciñas. Neste sentido poremos en marcha os Consellos Parroquiais, onde estarán representadas todas e cada unha das entidades e asociacións existentes en cada parroquia.

Desde o BNG ofrecémosche traballo, honestidade, ilusión e compromiso con Barro. Ofrecémosche un equipo sólido, coñecedor das necesidades do noso concello, un equipo formado por mulleres e homes que van traballar, día a día, para que Barro teña un mellor futuro.

O vindeiro 22 de maio, ábrese as portas da esperanza para Barro. Co teu apoio conseguiremos facer un Barro mellor. Un concello para a xente de hoxe.

Xosé Manuel Fdez. Abrales
(Candidato á alcaldía de Barro)

Potenciar a actividade económica e o emprego

- Convocaremos a todas as forzas políticas e sociais do concello para lograr un **acordo social** que dea unha solución definitiva a todos os problemas legais que teñen neste momento os polígonos de Outeda e Sequeiros.
- Canto teñamos solucionados os problemas legais do solo industrial, elaboraremos un **plan de incentivos económicos para atraer empresas ao noso polígono**, que creen postos de traballo de calidade e prioricen a contratación de veciños e veciñas de Barro. Neste momento consideramos máis importante para o concello a creación de emprego que a posíbel recadación de impostos polo asentamento de empresas.
- **Evitaremos a instalación de industrias nocivas** e molestas para os nosos veciños e veciñas.
- Apoiaremos os **sectores productivos agrario e forestal**, incentivando a reestructuración do sector do viño con apoio aos produtores para que cada vez sexa máis rendíbel a súa actividade produtiva.
- Potenciaremos a **Festa do Viño** para que se converta nun verdadeiro escaparate da calidade dos viños de Barro e sirva tamén como atractivo turístico.
- Elaboraremos plans para sacar o maior rendemento ás **produccións dos nosos montes**, aproveitando as distintas potencialidades que nos ofrecen.
- Promoveremos a unión dos **produtores da horta**. Habilitaremos un espazo onde poder vender os seus produtos ao público para facilitar unha comercialización digna.
- Daremos apoio aos novos procesos de **concentración parcelaria** para un bo ordenamento do solo produtivo, garantindo a información e a transparencia. Esixiremos o remate do acondicionamento da parcelaria xa feita.
- Darémolle apoio á apertura de **pequenos comercios** e respaldaremos a mellora dos xa existentes
- Crearemos o **servizo de orientación e inserción laboral** para axudar na busca de novas oportunidades de emprego.

Novos e mellores servizos e equipamentos

- Desenvolveremos planificadamente o **núcleo urbano do San Antoniño**, dotándoo dos servizos necesarios, de zonas verdes, de limpeza e mobiliario urbano. Daremos á estrada N-550 un tratamento de vía urbana e non de estrada de paso. Melloraremos a súa seguridade e solucionaremos os problemas de tráfico e de acceso ás distintas rúas.
- Desenvolveremos urbanisticamente as **parroquias**. Modificaremos o PXOU para que os núcleos rurais se poidan desenvolver dun xeito ordeado e que as nosas parroquias teñan posibilidades de medre.
- Implantaremos a rede de **saneamento** en todo o concello.
- Levaremos a auga da **traída municipal** a todas as parroquias, para que dea servizo a todos os veciños e veciñas do concello. Faremos un estrito control sanitario para que cumpra coa normativa vixente. Faremos controis sanitarios das **fontes públicas**.
- Melloraremos a **accesibilidade**, tanto de espazo públicos como dos edificios municipais.
- Impulsaremos a mellora da **seguridade das estradas** que atravesan o noso concello, sobre todo nas zonas de Curro e Porráns, coa construción de rotondas onde sexa necesario para reducir a súa perigosidade.
- Esixiremos que se urbanice a **estrada vella en Outeda** para mellorar a súa seguridade ante o incremento de tráfico que vai soportar.
- Impulsaremos a construción dunha **rotonda en Mane** no cruce coa estrada de Rebón.
- Esixiremos a **reforma urxente da PO-53 I** ao seu paso por Curro nas condicións pactadas cos veciños.
- Melloraremos a **recollida de lixo** coa implantación efectiva da **recollida selectiva** (papel e vidro) en todas as parroquias.

- Construiremos un **Centro de Día** que dea servizo ás persoas maiores, onde poidan recibir a atención que necesitan e non precisen desprazarse a residencias fóra do Concello.
- Poremos en funcionamento un **Centro Social Interxeracional** onde poidan relacionarse os distintos grupos sociais de Barro coa promoción de actividades lúdicas para os nenos, a xente moza e as persoas maiores.
- Reformaremos e adecentaremos o **Centro Médico** para que reúna unhas condicións aceptábeis. Melloraremos a súa accesibilidade.
- Facilitaremos o acceso ao **transporte público** para poder desprazarse todo aquel que o necesite a facer as súas xestións, cun custe simbólico.
- Traballaremos para a refoma integral do **colexio público**, esixindo o investimento necesario por parte da Xunta. O Concello acometerá o labor de mantemento do mesmo. Ampliaremos o recinto escolar e faremos o drenado do mesmo para solucionar os problemas que ocasiona a auga da chuvia. Recuperaremos o acceso norte ao recinto para evitar o perigo das escaleiras.
- Colocaremos **marquesiñas** onde sexa necesario e substituiremos as que están en mal estado.

Medio ambiente e patrimonio

- Potenciaremos o espazo natural de **Barosa** para o disfrute dos nosos veciños e veciñas, e que sirva de atracción para aumentar as visitas ao noso concello. Faremos que os servizos que alí se presten teñan a máxima calidade e respeten este espazo de tanto valor etnográfico e medioambiental. Poremos en funcionamento un dos muíños para o seu uso didáctico.
- Recuperaremos e dignificaremos o **camiño portugués** para que sexa un atractivo máis para visitar e disfrutar o noso concello. Poremos en uso o **albergue de peregríns**.
- Creación de distintos **roteiros** polo noso patrimonio natural e cultural: muíños, petroglifos, mámoas, cruceiros, igrexas, ríos etc... (Moitas veces descoñecidos mesmo para os nosos veciños)
- Crearemos as **rotas do viño** no noso concello.
- Crearemos un **centro de interpretación e museístico** na Casa reitoral de Agudelo atendendo ao noso patrimonio (Castro da Chan, etc...) e a relación do noso concello coa cultura do viño
- **Recuperaremos os nomes tradicionais** dos lugares do concello.
- Potenciaremos a difusión do noso **patrimonio cultural e lingüístico**.

Dinamización social, cultural e deportiva

- Daremos apoio decidido ao **Grupo de Danzas “Amor Ruibal”** e á **Banda Xuvenil de Barro** polo labor cultural e social que realizan ambas entidades. Asinaremos convenios coas dúas agrupacións para contribuír ao seu mantemento económico, a cambio de actuacións nas nosas parroquias. Permitiremos o uso da nave da Escola-Taller por parte do Grupo de Danzas, para que poidan realizar os seus ensaios con maior comodidade.

- Habilitaremos locais para todo o tecido asociativo do concello.
- Crearemos unha **escola de música** xestionada pola Banda Xuvenil, que leva demostrado o seu bo facer durante todos estes anos, e que tamén serve para que moitos mozos mozas atopen unha saída laboral na música.
- Adicaremos a planta alta do Pazo da Crega a **salón multiusos** onde poder realizar exposicións e actividades culturais.
- Dotaremos da infraestrutura necesaria para contar no concello cunha **casa da xuventude** e **locais de ensaio** dignos para as agrupacións de Barro.
- Promoveremos a mellora da **biblioteca pública** e potenciaremos unha **ludoteca** que dea resposta ás necesidades dos nenos e nenas.
- Elaboraremos un Plan Municipal de Actividades Extra-escolares en colaboración coas ANPAS.
- Dotaremos de **Infraestruturas deportivas** a todas as parroquias convertendo o campo de fútbol municipal en campo de herba sintética para que os veciños de Barro poidan disfrutar de instalacións realmente municipais.
- Potenciaremos a práctica de diferentes deportes dende unha **Escola Deportiva Municipal**.
- Crearemos **circuíños para os deportes da bicicleta e o motocross**.
- Abriremos o **pavillón de Curro** para que todos aqueles veciños que o desexen o podan utilizar.
- Crearemos **parques bio-saudábeis** para uso da xente maior.
- Dotaremos o concello cunha **piscina municipal**, para que as persoas que queiran disfrutar da mesma non teñan que desprazarse a outros concellos limítrofes.
- Construiremos **parques infantís** en todas as parroquias e melloraremos o do núcleo urbano de San Antoniño para que os nosos nenos poidan disfrutar dunhas instalacións modernas e co nivel de calidade que os veciños de Barro tamén se merecen.
- Melloraremos o acceso ás novas tecnoloxías en todo o concello. Crearemos un espazo en cada parroquia con acceso gratuíto a internet. Esixiremos a mellora do sinal da TDT.

- Coordinaremos coas distintas asociacións socio-culturais do concello unha programación cultural e festiva ao longo de todo o ano.
- Acondicionaremos os **locais sociais** das distintas parroquias.

Un goberno eficaz, transparente e democrático

- Xestionaremos de forma intelixente os recursos propios, e chegaremos a acordos coas demais administracións para que realicen os investimentos necesarios nas grandes obras de infraestruturas e equipamentos.
- Xestionar diante das outras administracións os investimentos necesarios para dotar a Barro dos equipamentos e os servizos que precisan para conseguir unha mellor calidade de vida.
- Crearemos Consellos Parroquiais como canle para a participación dos colectivos sociais das parroquias na vida municipal.
- Modernizaremos a administración local. Potenciaremos o emprego das novas tecnoloxías na actividade interna e respecto da veciñanza. Aplicaremos medios telemáticos nos trámites nos que sexa posíbel.
- Impulsaremos a mellora da páxina web municipal.
- Deseñaremos un plan de aforro público en todos aqueles apartados que se poda sen que supoña perda na prestación dos servizos básicos ás veciñas e veciños. Faremos un uso racional dos recursos do Concello, evitando as multas de outras administracións por facer obras sen permiso e os gastos en pleitos contra veciños do Concello.
- Crearemos un servizo de información e asesoramento aos veciños sobre as diferentes axudas que ofrecen outras administracións.